

NOVO DE PARMUIDE

Veú visitarme á miña casa de Vigo un sobriño de Novo de Parmuide, que iba embarcar no paquete portugués "Santa María". Perguntéille que había de novo por aló, recordándolle de paso que eu non iba a Xerás nin a Parmuide dende facía máis de vinte anos. Pásase o río por unha ponte de madeira, e o camiño entra en Parmuide por unhas chousas con grandes pozas en outono e inverno, nas que flotan as follas secas dos carballos.

— Alí está o columpio no faiado!, díxome.

Novo, o tío, que en paz descansa, dende que nunhas San Lucas de Mondoñedo ou nun San Froilán de Lugo, sendo rapacete, veu por primeira vez un columpio e unhas lanchas voadoras, entrólle o antoxo de ter pra sí xa o un, xa as outras. Iba a unha festa calquera, e todo o que tiña había de gastalo en columpiarse. Cando volvéu do servicio, que o fixo en Caballería de Farnesio, en Valladolid, trouxo un columpio individual de cadeas, cun asento

forrado de pana verde do que colgaban uns axóuxeres. Vai e montóuno na eira, e cando tiña tempo, columpiábase. Botaba a sesta no columpio, e cando quería dar a alguén unha proba de amizade, invitábao a columpiarse. Eu non sei cando Novo, que tivo en Valladolid un cabo reenganchado que sabía curar os cabalos do seu Reximento, e que lle pasara as recetas ao meu veciño, decatouse de que o seu columpio tiña propiedades menciñáis. Ao comezo, somentes curaba catarros cunhas cantas dosis de columpio, pro despoixas foise ofrecendo pra os doores de cabeza, a calor do figado, o insomnio, pra isa anemia que chaman o afrixo, e pra o raquitismo infantil, xa fose de ramo ou de escrúpulos. Chegou a ter unha boa clientela. Deixou a labranza aos irmáns, mercou un despertador de dobre campaniña, e adicouse escrusivamente ao arte curatorio. Unha vez, polo San Pedro de Riotorto, chamóume aparte, á hora de postres na casa do meu tío Sergio. Quería que colaborase con el.

El que poido facer?, preguntéille.

— Escollerme unhas palabriñas, hom!



Tratábase, pois, de que eu lle fixese uns versos e lle buscasse uns latíns — sempre as "divinas palabras"! — , pra recitar namentras columpiaba aos enfermos. Espricábame que o columpio tiña de por sí virtude curativa suficiente, pro el quería adornarse, que outros que curaban menos tiñan discursos centíficos.

— Un soneto ben botado, dá confianza!, argüíume.

Deixéime convencer e escribinlle uns versos, que sinto non terme quedado con copia, e Novo de Parmuide adeprendéunos de memoria, e busquéille uns latíns de Ovidio. Os versos pedíumos en castelán. A sona de Novo chegara lonxe. En lúa chea, o menciñeiro columpiaba mulleres preñadas, que logo libraban mui ben. Viñan dende Asturias, e trouxéronlle unha monxa de Luarca, que tiña un parálís, e saíu do columpio polo seu pe. Era sevillana. Novo fixo algún diñeiro, e vistíuse de negro, e en vez de boina gastaba sombreiro. Un día calquera estaba eu facendo o almorzo en Casa Paramés, en Lugo, e entróu Novo.

— Non sabe? Agora pra que naide os adeprenda, digo os versos ao revés.

E desto é do que se queixa o sobriño de Novo de Parmuide, quen asegura que si o tío lle houbese ensiñado os versos, houbérase quedado el ao tanto do columpio, e non houbese tido que emigrar a Venezuela.

— Si soupésemos de ónde tiróu aquelas palabras de ocultis!, decíame.

E eu non ouso decirlte que as palabras de ocultis eran do meu maxín, e non verbas segredas e máxicas... Cando Novo se finóu, o columpio deixóu de sere benéfico. Aínda o tiveron na eira un ano, pro logo retirárono. Está no faiado, coberto de pó, caladiños os axóuxeres, agás que pasa un rato por derriba. A viuda de Novo, que escoita o canto do axóuxere, ergue a cabeza e santíguase.

Xente de aquí e acolá.